

Boletín CAIA 14

Xaneiro 2025



Nenos, nenas e adolescentes de toda España reúnense en Bilbao

A fin de semana do 10, 11 e 12 de xaneiro tivo lugar o 8º Encontro Estatal de Cidades Amigas da Infancia. A nosa comunidade autónoma, Galicia, estivo representada polos concellos de: Moaña, Tomiño, Teo, A Laracha e Moeche xunto co Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia



Romper o círculo da violencia en América Latina e o Caribe

No Congreso de Cidades Amigas da Infancia a responsable de protección de América Latina e o Caribe expón a situación de violencia e vulnerabilidade que esta a sufrir a infancia e adolescencia. Tamén fala de como unha boa estratexia preventiva por medio de accións comunitarias pode ser determinante.




Informe de Eurochild sobre a infancia na Unión Europea

O informe presentado por Eurochild destaca lagunas no eido da UE con respecto dos dereitos da infancia e adolescencia. As taxas de pobreza infantil aumentaron en 16 países sendo España o segundo cun maior aumento (34,5%).



I Encontro Territorial en Galicia para traballar na Lei de Xuventude

O xoves, 23 de xaneiro, tivo lugar en Santiago de Compostela o I Encontro Territorial en Galicia para traballar sobre a Lei de Xuventude. Este estivo organizado polo Consello da Xuventude de España e o INJUVE, e nel participou o Secretario de Estado de Xuventude e Infancia Rubén Pérez.



«A Rúa non é estar no cárcere»

Con este lema tivo lugar en Madrid a exposición “R-Evolution: conquistando a cidade desexada” expoñendo a transformación de diversas cidades españolas cara unha mobilidade sostible na que as persoas son donas da rúa e non os vehículos, converténdooas en espazos seguros.



A horta escolar como dinámica para a inclusión

Este mes de xaneiro levouse a cabo o III Congreso Nacional de Teachers for Future Spain, e un dos talleres que se desenvolveu foi sobre as hortas escolares e como estas, ademais de xerar conciencia ambiental, constrúe rede de apoio entre o alumnado e mellora o vínculo co docente.



ENOC toma posición ante os conflitos bélicos

A Rede Europea de Defensores do Neno (ENOC) adoptou unha declaración na súa Asemblea Xeral en Finlandia onde falou do imperativo de defender os dereitos dos nenos e nenas afectados pola guerra.

Nesta declaración fai un chamamento a acción inmediata para protexer á infancia ucraína, e cumprir co dereito internacional humanitario, provendo atención sanitaria, apoio a saúde mental e educación.



As asociacións de protección á infancia piden reforzar a LOPIVI

O mércores, 29 de xaneiro, asociacións que loitan contra os abusos sexuais infantís reuníronse coa ministra Sira Rego, para falar sobre a necesidade de reforzar a LOPIVI como ferramenta de protección ante a violencia.

Testemuña en primeira persoa



Juan Vázquez Alves

Vogal do CAIA e
membro de “Mentes Novas” de
Ponteareas

A miña experiencia en Bilbao foi maravillosa; coñecín xente incríbel coa que conectei dende o primeiro momento, traballei unha temática que pese a aborrecela deu moito debate e as 60 horas (aprox.) que durou o encontro dende que entrei no bus ata que saín del en Porriño pasáronseme voando. O feito de que percibise o encontro como algo tan fugaz penso que demostra o ben que o pasei, sen deixar de lado o traballo en grupos e o traballo extra que tiveron por ser mestre de cerimonias no peche do encontro.

Remarcar que o CAIA e a voz da infancia galega estivo presente en todo momento en Bilbao coa participación activa dos 7 vogais que asistiron, pero tamén especialmente cando presentei o acto de despedida, pois aproveitei ese momento para lembrarlle ós 180 rapaces e rapazas que alí estábamos que a infancia e a adolescencia ten “moito que contar”.



Cayetana Rey Dourado,

Vogal do CAIA
representante de ACOUGO no grupo de
“Redeir@s” na POIG

O pasado 23 de xaneiro tiveron a oportunidade de participar no encontro “Camiñando cara á Lei de Xuventude” en Santiago de Compostela. Como rapaza de 16 anos, foi unha experiencia moi enriquecedora, xa que puideron compartir as súas opinións e propostas sobre os temas que máis nos preocupan á mocidade.

Foi emocionante estar nun espazo onde as nosas voces eran escoitadas por persoas con responsabilidades tan importantes, como o Secretario de Estado de Xuventude e a Presidenta do Consello da Xuventude de España. Ademais, coñecín a mozos e mozas doutras organizacións, cos que intercambiamos ideas para mellorar as oportunidades da xuventude en Galicia.

Saí do encontro con moita ilusión e coa sensación de que a nosa participación é clave para construír un futuro mellor.

Experiencias noutros territorios



Proxecto DAY como precedente da participación infantil en Europa

O Proxecto de Activación Democrática da Xuventude (DAY) conta ca participación do Consello Asesor Xuvenil Local de Eurochild. Son xoves de 9 escolas e 3 distritos da cidade de Nápoles que lideraron o camiño ata crear Axendas Cívicas para cambiar o seu distrito.

O CNIAC colabora con “Altavoz de Niños”, os nenos e nenas de Barcelona toman a palabra para traballar na Axenda Local da Infancia

Na reunión do CNIAC con “Altavoz de Niños” estiveron traballando sobre o desenvolvemento da Axenda Local da Infancia, concretamente en dúas demandas específicas:

- Coidar a seguridade da infancia e adolescencia e non permitir a violencia contra nenos e nenas.
- escoitar a voz da infancia e adolescencia para poder participar na toma de decisións.

